



9 de abril de 2013. A [Oficina de medio ambiente \(OMA\) da UDC](#) e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) organizamos un ano máis o ciclo de conferencias e obradoiros **Primavera**

Ambiental

, co obxectivo de achegar á comunidade universitaria diversas problemáticas, propostas e vías de participación na solución das mesmas. A duración do ciclo será desde o

10 de abril até o 7 de xuño

. En oito actividades diferenciadas, abordaremos temáticas tan diversas como os residuos, a agroecoloxía, a biodiversidade, a enerxía, o consumo responsable... Ademais dunha compoñente teórica para a que convidamos a persoas expertas, todas elas inclúen aspectos prácticos e traballos aplicados ao campus e aos centros universitarios. Polo seu contido eminentemente práctico, todas elas están abertas á participación como voluntariado ambiental.

Programa

10 de abril: Horta urbana e compostaxe Veremos como converter unha terraza ou balcón nunha horta, poñeremos a punto unha mesa de cultivo e visitaremos a área de compostaxe da UDC. Contaremos coa intervención da Asociación Galega de Horticultura Urbana (AGHU).

[+INFO](#)

18 de abril: Proxecto Ríos

Coñeceremos este programa de voluntariado en ríos e faremos a inspección de primavera do río Lagares. Acompañaranos un/ha educador/a do Proxecto Ríos.

24 de abril: Encontro solar

Faremos unha exposición-obradoiro de aparellos solares, como fornos solares e outros, e teremos unha visita guiada a unha instalación fotovoltaica da UDC e a un centro con elementos de bioclimatización. Tamén haberá lugar para organizar un mercadoño de troco.

8 de maio

Reutilización e reciclaxe. Aprenderemos a importancia da reciclaxe de papel e aprenderemos a facer un consumo responsable do mesmo, presentaremos a campaña de aforro e reutilización de papel levada a cabo pola OMA e aprenderemos a elaborar cadernos con papel reutilizado.

15 de maio

Caixas niño para morcego. Coñeceremos a vida dos morcegos e para fomentar a biodiversidade no campus construiremos caixas niño que penduraremos polo campus. Posteriormente faremos o seguimento destas caixas. Contaremos con persoal experto en morcegos da Asociación Drosera.

22 de maio: Día mundial da biodiversidade

Faremos unha actividade de restauración participativa no monte da Fraga, e construiremos unha pequena charca co obxectivo de incrementar a poboación de anfibios e libeliñas no campus.

29 de maio: Flora exótica invasora

Da man de ADEGA, aprenderemos a identificar a flora exótica invasora e posteriormente sairemos ao monte da Fraga a facer unha eliminación deste tipo de especies.

7 de xuño: limpeza de praias

Para clausurar o ciclo participaremos na limpeza simultánea de praias.

Se estás interesado/a nalgunha destas actividades podes reservar xa a túa praza no correo da Oficina de Medio Ambiente oma3@udc.es

Oficina de medio ambiente (OMA-UDC). Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas.

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA).